

A BATALLA DESCONECIDA

[Paula Cons, 2017]

382

ESTREA EN NUMAX: 25.05.2018 | V.O. | TP

A batalla descoñecida (2017, 70')

Dirección: Paula Cons

Guión: Paula Cons

Son: Emilio González

Montaxe: Guillermo Represa

Música: Mathieu Chedid

Dirección de arte: María Lolo

Fotografía: Sergio Moure de Oteyza

Produtoras: Agallas Films (España)

Distribuidora: Agallas Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Galego

FILMOGRAFÍA

Xente con xente, 2011

Na túa pel, 2009 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Mestre Mateo 2018

(Mellor documental)

SINOPSE

Hai un episodio histórico ocultado até hoxe en día, o da Batalla do wólfram que libraron os Aliados contra España durante a Segunda Guerra Mundial. Todo por un mineral estratéxico, o wólfram, que o réxime franquista permitiu extraer aos nazis para o seu armamento. Xa é hora de que certos segredos e nomes saian á luz.

«Documental que
destapa un episodio
da historia que ningún,
até o momento, tiña contado»

SEMINCI



A BATAÑA DESCOÑECIDA

[Paula Cons, 2017]

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Alí corría o diñeiro, o vicio, a delincuencia e a alegría salvaxe de vivir”

Entrevista con Paula Cons

Por Montse Dopico

Había algún proxecto anterior que trataba de contar o que pasou co volframio e os nazis en Galicia na Segunda Guerra Mundial, como o documental de Encarna Otero. Como espertou o teu interese polo tema?

Cando comecei a traballar en ficción, en realidade era unha xornalista facendo ficción e os temas que me interesaban eran os feitos reais descoñecidos. Atraíame pescudar nos motivos dese descoñecemento e nese caso o gran tema sen tocar na nosa ficción era o do volframio. E aí comecei xunto con Felipe Rodríguez e Noelia del Río a desenvolver a película *Lobos Sucios* (Simón Casal, 2015).

De que xeito o filme de ficción *Lobos sucios* te levou, tamén, a este documental? Na película chegou un momento que as tramas e os personaxes comeron, loxicamente, o contexto histórico, político, e xa non quedaba moito oco para eles. Pero eu sentía que quería contar mellor esa historia e facelo do xeito máis amplo e ambicioso posible. Quedaba tantísimo por contar e cando rematei a película e comecei a ler e investigar decateime de que aínda sabía tan pouco sobre o tema...

Emilio Grandío e Javier Rodríguez debullaron o tema no libro *War zone. La II Guerra Mundial en el noroeste de la Península Ibérica*, e Eduardo Rolland en *Galicia en guerra: espías, batallas, submarinos e wolframio: do desfile da Wehrmacht en Vigo á fuxida dos criminais nazis*. O obxectivo era, neste sentido, divulgar máis o que xa nos revelaran os historiadores?

O traballo de investigación e de loita na trincheira fixérono eles, iso está claro, pero aínda así o audiovisual ten outro acceso ao público e quería narralo do xeito máis visual e ameno dentro do complexo do tema. Tamén é verdade que cada experto é especialista nunha parcela determinada e eu quería xuntalas todas. Quería a visión máis ampla posible e por iso xuntalos a todos. De todos os xeitos eu tiña tamén unha intencionalidade, case que unha hipótese a demostrar co documental, e era que aínda que o volframio enriquecera a moitos, e deixou ríos efémeros de diñeiro nalgunhas poboacións, as consecuencias da actitude do goberno franquista respecto ao tema foron moi graves, e provocaron o empobrecemento dunha gran parte da poboación: polo encarecemento de certos produtos por parte dos británicos, e polo bloqueo de petróleo. E esa visión só a atopei nun dos libros.

Tamén hai material de arquivo: algunhas imaxes do NO-DO, animacións que parecen feitas a partir de fotos reais... Que papel xogan no documental estes materiais? Tiveches problemas para atopalos? Como foi, en especial, a relación cos veciños?

Esos materiais de novo xogan o papel de demostrar que o que estamos a contar é verdade, ocorreu, e ocorreu tal como estamos a contar. Por outra banda as imaxes das minas abandonadas son unha metáfora directa do propio abandono e agochamento do tema pola poboación e as institucións en xeral. Moito do material foi proporcionado polos propios expertos. Eles son a clave do documental, a pedra angular. Por exemplo para a relación cos veciños que facilitou un deles, Diego Casal. E á marxe disto, a relación cos veciños foi máxica porque eles converten en carne todo o contado, son historia viva. De feito pasounos unha cousa ben especial e emocionante cando, tras rematar unha das entrevistas no exterior das antigas instalacións mineiras, decateime que ese home non volvera estar alí desde que tiña 20 anos, e asistimos canda el ao seu reencontro.

Sesenta bares, catro cines, puros que se acendian con billetes de mil pesetas... E o estraperlista co pico, a pa e a pistola. Todo un Galician Western. Esa febre do ouro que se viviu, e que por exemplo non recolleemos en *Lobos Sucios*, é tan brutal que estou agora mesmo desenvolvendo unha serie de televisión sobre o tema, e tal como dis, en formato western. Aquilo foi unha suspensión temporal e moral absoluta do que estaba a acontecer non só en España senón a escasos quilómetros. Fronte á fame, á miseria e o máis férreo puritanismo, alí corría o diñeiro, o vicio, a delincuencia e a alegría salvaxe de vivir.

Publicado en <http://praza.gal>

NA LIBRARÍA NUMAX

Lobos sucios, Simón Casal. Cameo [DVD]

Febre, Héctor Carré. Xerais, 2017

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por **4,5€**

**Faite
NUMAX!**